

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE RESPONSABLES DO ALUMADO AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa convocatoria do día 7 deste mes, o vindeiro **día 24 de novembro**, en horario **de 12:15 a 15 horas** celebrárase na **sala de visitas** deste centro a votación para a elección de representantes dos responsables (pais, nais ou titores/as legais) do alumnado no Consello Escolar do colexio. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na convocatoria, procederase da seguinte forma:

1.- Quen pode votar:

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no centro que figure no censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral, tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos.

2.- Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes das persoas candidatas, por orde alfabética de apelidos, e cada elector/a deberá marcar cunha cruz un máximo **de un nome** das candidatas ou candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do DNI ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección do centro anima a todos os pais, nais e titores/as legais do alumnado a que participen na votación, como unha forma máis de colaboración na organización do centro, a fin de acadar a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

San Vicente, 21 de novembro de 2022

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo: María del Mar Sueiro Pena